16137011528246	ES0022000007320582LZ1P	107,05	Lg. Torre, 9000 A.Público	04/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011616207	ES0022000007249666HF1P	123,34	Lg. Pena, 9915 - A.Público	08/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137013077013	ES0022000007662959RJ1P	43,27	Lg. Igrexa (A), 8892 A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013284330	ES0022000007249666HF1P	86,70	Lg. Pena, 9915 - A.Público	29/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013056585	ES0022000007662958RN1P	48,01	Lg. Carabán, 9915 - A.Púb.	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137012999819	ES0022000007021150HL1P	172,20	Lg. Ramil, 9704 - A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013106857	ES0022000007320582LZ1P	84,31	Lg. Torre, 9000 A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137011633810	ES0022000007021268TE1P	370,97	Lg. Gándara, 9700 A.Público	08/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137013133755	ES0022000007249659HT1P	40,98	Lg. Carabán, 9914 - A.Púb.	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16

16137011459462	ES0022000007455163ME1P	180,28	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	04/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011511409	ES0022000004975491HA1P	146,68	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	04/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011512370	ES0022000007021267TK1P	176,13	Lg. Rubial, 9697 - A.Público	04/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011465505	ES0022000004975490HW1P	10,93	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	04/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011522513	ES0022000007661637JW1P	114,62	Lg. Forte, 9032 A.Público	04/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011522542	ES0022000007320546HR1P	187,02	Lg. Lamas, 9001 A.Público	04/12/2016	28/10/16 a 27/11/16
16137011499363	ES0022000008622407VQ1P	106,71	Lg. Lestedo, 9001 A.Público	04/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011557523	ES0022000007249769EH1P	110,69	Lg. Vilar, 9924 A.Público	04/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011575341	ES0022000007373065RB1P	108,95	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	04/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011546637	ES0022000007320543VK1P	120,41	Lg. Vigo, 9000 A.Público	04/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011618659	ES0022000007320580LN1P	261,80	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	08/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011625577	ES0022000007251856KN1P	261,20	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	08/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011626764	ES0022000007021143HN1P	227,43	Lg. O Burgo, 9710 Lamas A.Público	08/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137011917592	ES0022000007566337DZ1P	159,99	Lg. Casal, 9109 - A.Público	12/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137012186991	ES0022000007164018CB1P	15,98	Lg. Forte, 9030 A.Público	14/12/2016	27/10/16 a 01/12/16
16137011917436	ES0022000007561243HA1P	148,29	Lg. Espiñeira, 9909 A.Púb.	12/12/2016	29/10/16 a 29/11/16
16137012776070	ES0022000008942577TA1P	504,45	Lg. Vilar, 0001 A.P. Poste	22/12/2016	27/10/16 a 12/12/16
16137013086553	ES0022000007320555HX1P	22,57	Lg. Vilar, 9003 A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137012850359	ES0022000007249771EC1P	385,84	Lg. Picota, 9925 A.Público	22/12/2016	28/10/16 a 12/12/16
16137012972018	ES0022000008964525BD1P	19,25	Lg. Aldea de Orto, 9700- Boqueixón	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013011125	ES0022000008876495WT1P	41,59	Lg. Vilar, 0005 A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013055770	ES0022000008622407VQ1P	83,15	Lg. Lestedo, 9001 A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013077134	ES0022000004975491HA1P	114,89	Lg. Rodiño Grande, 9706 A.Púb.	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013078742	ES0022000007021267TK1P	148,23	Lg. Rubial, 9697 - A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013096773	ES0022000007661637JW1P	81,64	Lg. Forte, 9032 A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013116324	ES0022000007253334QH1P	23,21	Lg. Igrexa (A), 9000 A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013166218	ES0022000007320549HG1P	163,20	Lg. Deseiro de Arriba, 9002 A.Púb.	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013139576	ES0022000007320543VK1P	90,48	Lg. Vigo, 9000 A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013159243	ES0022000007249769EH1P	88,23	Lg. Vilar, 9924 A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013149629	ES0022000004357736TM1P	9,41	Lg. Vilar, 0154ER	25/12/2016	27/10/16 a 19/12/16
16137013193995	ES0022000007320544VE1P	48,93	Lg. Senande, 9000 A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013191229	ES0022000007373065RB1P	90,73	Lg. Vilaboa, 9998 - A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013305553	ES0022000007021143HN1P	207,55	Lg. O Burgo, 9710 Lamas A.Público	29/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013320419	ES0022000007455157MQ1P	181,72	Lg. Pazos, 9101 AP A.Público1	29/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137012995189	ES0022000008964524BP1P	17,87	Lg. Moa, 9001 - LOCAL	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
1613701993839	ES0022000004975490HW1P	7,72	Lg. Vilar, 9704SF SEMA03	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16

16137013004510	ES0022000004975486VK1P	192,64	Lg. Vilar, 9700 A.Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137012982695	ES0022000007455163ME1P	151,46	Lg. Pazos, 9102 AP A.Público2	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013077008	ES0022000007107334QE1P	53,47	Lg. Rubio, 9796 A. Público	25/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013319131	ES0022000007021268TE1P	288,31	Lg. Gándara, 9700 A.Público	29/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013289358	ES0022000007320580LN1P	197,93	Lg. Santabaia, 9000 A.Público	29/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
16137013303186	ES0022000007251856KN1P	226,52	Lg. Igrexa (A), 8891 A.Público	29/12/2016	30/11/16 a 21/12/16
	TOTAL	21.615,63			

2. Comunicar este acordo o departamento de tesourería para o seu aboamento con cargo ó presuposto 2017.

4.Ratificación do acordo da Xunta de Goberno do 2 de marzo do 2017 (Solicitude subvención para xestión do Entroido dos Xenerais do Ulla e delegación no concello de Boqueixón da representación)

A Xunta de Goberno que tivo lugar o 2 de marzo do 2017 acordou aceptar a delegación no concello de Boqueixón a representación dos concellos de Teo, Touro, Santiago de Compostela e Vedra para tramitar a solicitude de subvención á Deputación da Coruña para os gastos relativos á promoción conxunta do entroido dos Xerais do Ulla.

Así mesmo, acordouse aprobar a memoria das actividades e o orzamento, e que os gastos serán asumidos solidariamente entre os cinco concellos.

O señor Canabal di que “Pensamos que queda aínda moito que facer na promoción e difusión desta expresión do entroido, pero tamén temos que recoñecer que pouco a pouco se está situando esta tradición nos diversos mapas do entroido galego.

Tamén neste punto imos apoiar a proposta da alcaldía.”

Cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1. Aceptar a delegación no concello de Boqueixón da representación dos concellos de Teo, Touro, Santiago de Compostela e Vedra para solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha axuda económica para os gastos relativos á promoción conxunta do entroido dos Xenerais do Ulla, así como a xestión e percepción da subvención nominativa para o exercicio 2017.

2. Solicitar á Deputación unha axuda económica para soste este gasto anual, a través da subvención do departamento de cooperación, plans provinciais xerais, asistencia a municipios, turismo e patrimonio histórico - artístico.

3. Aprobar a memoria de actividades e orzamento da promoción conxunta do entroido dos Xerais da Ulla que se anexa.

4. Organizar os cinco concellos de maneira conxunta , a promoción e difusión da festa, a través de actividades e accións promocionais coordinadas.

5. Os gastos relativos á promoción conxunta serán asumidos solidariamente entre os cinco concellos.

6. Para cada edición elixírase un novo representante que xestionará o proceso en representación dos cinco concellos.

5. Información da alcaldía

Dáse conta dos decretos habidos desde o 9 de xaneiro ata o 2 de marzo do 2017.

6.Puntos por urxencia

A) Suspensión do acordo de inclusión no inventario municipal de camiños, do camiño que figura nos planos da concentración parcelaria de Ledesma, en Baiuca, iniciando o seu trazado na AC-960 (Nº 11060).

Motivación da urxencia

O artigo 83 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais establece que serán nulos os acordos adoptados sobre asuntos non incluídos na respectiva orden do día, salvo os adoptados en sesións ordinarias previa declaración de urxencia co voto favorable da maioría absoluta.

Asunto:

O Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 14 de febreiro do 2017, en base ao informe técnico favorable, aprobou a alegación presentada por don Manuel xxxxx en fase de exposición pública do inventario municipal de camiños, e en consecuencia acordou incluír no inventario o camiño que figura nos planos de concentración parcelaria de Ledesma, en Baiuca , iniciando o seu trazado na AC 960.

Posteriormente, con data 1 de marzo do 2017, don Jesús xxxxx presenta un escrito solicitando documentación e suspensión do prazo para formular recursos posto que ten intención (segundo di o expoñente) de recorrer o acordo adoptado polo concello o 14/02/2017 posto que a cuestión está sendo axuizada polo xulgado contencioso administrativo número 1 de Santiago de Compostela no procedemento ordinario número 15/2015 e que neste momento está pendente de resolución.

Por este motivo, estando pendente a resolución xudicial e ó non terse previsto realizar proximamente sesión plenaria ningunha, procede incluír este punto na orde do día desta sesión coa finalidade de comunicar o acordo de suspensión da execución do acto de inclusión do camiño no inventario, no seu caso.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes o que supón a maioría absoluta, acórdase a declaración de urxencia deste punto e incluílo na orde do día da convocatoria desta sesión plenaria.

ANTECEDENTES

1 A Xunta de Goberno realizada o día 20 de febreiro de 2014, acordou iniciar o expediente de reposición de legalidade contra dona Adelina xxxxx e don Jesús xxxxx, para a demolición dunha edificación que invade un camiño público en Baiuca (Ledesma)

2 Con data 18 de marzo de 2014, don Jesús xxxxx alega que o galpón foi construído fai máis de 30 anos e que a supresión do antigo camiño materializarase tanto polo proceso de concentración parcelaria dos anos oitenta como polas normas subsidiarias do planeamento de Boqueixón.

3 A Xunta de Goberno do día 18 de setembro de 2014, acordou archivar o expediente de reposición de legalidade,

4 Con data 24 de outubro de 2014, dona Esclavitud xxxxx, interpuxo recurso de reposición, que foi rexeitado na Xunta de Goberno realizada o día 6 de novembro de 2014.

5 Contra a denegación do recurso de reposición, don José xxxxx e don Manuel xxxxx, interpoñen recurso contencioso administrativo.

6 O Pleno da corporación, na sesión realizada o día 14 de febreiro de 2017, acorda aceptar a alegación presentada por don Manuel xxxxx e en consecuencia incluír o camiño en cuestión, no inventario municipal de camiños.

7 Con data 01/03/2017 don Jesús xxxxx, presenta un escrito solicitando copia do expediente, o que lle foi remitido.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1 O art. 98.1a) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, establece que os actos das administracións públicas son inmediatamente executivos, salvo que:

a) se produza a suspensión da execución do acto

2 O art. 108 da mesma lei establece que iniciado un procedemento de revisión de oficio, poderase suspender a execución do acto cando esta puidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

3 O art. 117 da citada lei no apartado 2), indica, así mesmo, que procederase a suspender de oficio ou a solicitude do recorrente a execución do acto impugnado, no caso de prexuízos de difícil reparación.

Neste caso, de inscribir o camiño en cuestión no inventario municipal, suporía que a edificación debería ser demolida, cando o procedemento está pendente de resolución xudicial que decidirá o que proceda.

Por este motivo, o máis prudente será esperar a que se decida xudicialmente e en consecuencia suspender a execución do acordo adoptado e non inscribir no inventario o camiño, aínda que se teña aceptada a alegación.

Unha vez recibida a sentenza xudicial firme, procederase co trámite que nela se sinala.

Polo exposto o Pleno ACORDA:

1 Suspender a execución do acordo de inscrición no inventario municipal de camiños, do camiño núm. 11060 que figura nos plans de concentración parcelaria de Ledesma, en Baiuca, iniciando o seu trazado na AC-960, ata que se dite a resolución xudicial firme, no seu caso.

2 Dita suspensión quedará automaticamente levantada, por efecto de lei, se nos prazos legalmente previstos non se interpón ningún outro recurso que legalmente proceda.

B) Declaración institucional FEMP 8 de marzo, Día Internacional da Muller 2017

O Portavoz do grupo municipal do PP, don Jesús Sanjuás Mera, en nome propio e no do grupo municipal do PP atendendo o artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, someto ao pleno unha moción por trámite de urxencia “Declaración institucional FEMP 8 de marzo, día internacional da muller 2017”.

Xustificación da urxencia.

Someto pois ao pleno a consideración da seguinte moción “Declaración institucional FEMP 8 de marzo, día internacional da muller 2017”

Co voto a favor de todos os presentes, que supón a maioría absoluta do número legal dos membros da corporación, apróbase a urxencia.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL FEMP 8 DE MARZO, DIA INTERNACIONAL DA MULLER 2017

O día 8 de marzo é o Día Internacional da Muller. É un día de reivindicación, de denuncia e de reflexión que concita innumerables manifestacións contra a violencia machista e permite poñer en evidencia as discriminacións que as mulleres seguen padecendo para acceder en igualdade a un emprego, á educación ou á sanidade.

É o 8 de marzo unha xornada para denunciar as moitas formas de discriminación por razón de xénero que continúan arraigadas na nosa sociedade, e supón un reto que os gobernos locais afrontan con determinación cotiá, conscientes da súa importancia non só como dereito humano básico, senón tamén como elemento esencial para a convivencia, progreso e desenvolvemento social e económico sustentable.

Un ano máis os gobernos locais españois queren que o Día Internacional da Muller sirva para mobilizar a persoas de todo o mundo e convidalas a debater as maneiras de impulsar o empoderamento das mulleres, erradicar a violencia contra elas en todas as súas formas e reafirmar o seu compromiso cunha sociedade xusta que, a pesar dos obstáculos, permanece intacto.

En liña coa Axenda 2030 e cos obxectivos de Desenvolvemento sustentable, concellos de toda España impulsan políticas que poñan fin ás brechas na igualdade de xénero.

Por todo isto, os gobernos locais reunidos na **FEMP**:

-Convidamos a todas as Entidades Locais a adherirse a esta Declaración e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro e igualdade, exento de violencia de xénero, xa que a súa erradicación é determinante para camiñar cara á igualdade real entre homes e mulleres.

-Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos humanos e, en consecuencia, cos dereitos das mulleres, coa igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres e facemos explícito o noso recoñecemento a cantos contribuíron co seu labor e esforzo á erradicación das situacións de desigualdade xa superadas, á vez que reiteramos a nosa firme determinación de avanzar na superación daquelas que aínda perviven hoxe en día.

-Insistimos na necesidade de que continúen implantándose políticas encamiñadas a fomentar o emprego e o emprendemento feminino, máis educación para a igualdade de oportunidades, maior incorporación das mulleres na sociedade da información e máis apoio ás mulleres que viven no ámbito rural.

-Non son posibles políticas de igualdade sen os concellos. Por eso motivo reivindicamos a necesidade de dotar ás Entidades Locais das competencias nesta materia así como suficientes medios e recursos para, en colaboración co Goberno e as CCAA, asegurar a implementación adecuada de todas as políticas e iniciativas necesarias para garantir a igualdade de xénero, o empoderamento das mulleres e os seus dereitos en todos os nosos pobos e cidades.

Sen máis, procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes acórdase aprobar a moción sobre a Declaración Institucional 8 de marzo, Día Internacional da Muller 2017”, presentada polo grupo municipal do PP.

C) Moción para o mantemento das oficinas de correos de Boqueixón e Vedra.

Presentamos ao Pleno a seguinte moción por trámite de urxencia sobre o servizo de correos. A urxencia da moción, rexistrada no concello esta mañá, radica na preocupación dos carteiros sobre a situación do servizo, e a imposibilidade de poder ter presentado esta moción antes da convocatoria do Pleno, posto que os dous grupos que presentan esta moción estiveron ao longo da presente fin de semana pechando os flocos da moción cos propios profesionais do servizo de correos de ambos concellos.

É por iso que antes de pasar a debater a moción, solicitamos dos Concelleiros da corporación a aceptación da urxencia.

Cos votos a favor de todos os presentes, o cal supón a maioría absoluta, apróbese a urxencia.

Análise da situación:

1. O 29 de xullo de 2016, aprobouse na Deputación da Coruña, co voto favorable de todos os partidos representados na mesma, unha “Declaración institucional sobre a defensa do reparto postal nas áreas rurais na provincia da Coruña”.

2.

Neste documento declárase, entre outros, os seguintes valores:

- [...]”O servizo postal en Galicia ten un interese público primordial, como unha peza básica para o desenvolvemento económico e tamén para a vertebración e a cohesión social.
- Ese carácter de servizo público primordial fai que o conxunto da poboación, independentemente do lugar en que viva, debe garantir o acceso a unhas comunicacións postais alcanzables, baixo o principio de igualdade de trato establecido pola normativa vixente.
- Calquera proposta de modificación do sistema público postal debe ter moi presente o carácter universal en a prestación de este servizo e a súa accesibilidade en condicións de equilibrio e igualdade no conxunto do territorio.” [...]

3. Os concellos de Boqueixón e Vedra, ambos a escasos dez quilómetros da capital, teñen características demográficas comúns: entorno rural, inexistencia de núcleos urbanos, forte avellentamento da poboación e dispersión, constituíndose como o principal problema o despoboamento, desta maneira calquera pequena alteración nos servizos esenciais incide na posibilidade de aceleración do despoboamento en curso, incidindo na desafección dos veciños e evitando o asentamento de foráneos.

4. A igualdade no acceso ás comunicacións é un dereito recollido en numerosos textos legais. A propia Constitución Española obriga ao estado a garantir o acceso ás comunicacións a toda a poboación. Así o recolle tamén a Lei 43/2010 do servizo postal universal que ten á empresa pública correos SAE como prestador designado. E así recollese tamén na Directiva 97/67/CE e na 2008/6/CE do Parlamento Europeo, onde definen os servizos postais como servizos de interese económico xeral, e establece o sistema de garantías para a súa protección:

[...] O artigo 16 do tratado destaca o lugar que os servizos de interese económico xeneral ocupan entre os valores comúns da Unión Europea, así como o seu papel na promoción da cohesión social e territorial. Establece, así mesmo, que debe velarse por que devanditos servizos actúen con arranxo a principios e condicións que lles permitan cumprir o seu labor. [...]

Así mesmo, esta directiva (e a súa posterior modificación), establecen como principio básico e de obrigado cumprimento o reparto postal diario, cinco veces por semana, da correspondencia.

5. Nos últimos anos observamos que as oficinas de Boqueixón e Vedra, contan con cada vez menos carteiros asignados (cunha redución de efectivos e unha diminución alarmante durante os períodos de verán, que en ocasións supoñen atencións ao público de menos de media hora diaria), así como a paulatina retirada de competencias, de maneira que, por exemplo certos servizos que antes prestábanse nestas oficinas agora necesitamos desprazarnos a Compostela:

- Non se admiten impresos sen dirección.
- Xiros postais.

- Paquetería de mais de dous quilos (ate fai uns días nin básculas tiñan).
 - Paquetería polo sistema de paquete azul, etc.
6. As oficinas de Vedra e Boqueixón, son cesións de locais públicos de ámbolos dous concellos, de maneira que non supoñen custo algún para á empresa pública correos SAE.
7. Nos concellos de Boqueixón e Vedra enfrontámonos aos seguintes retos comúns:
- Como consecuencia da diminución de persoal, ampliáanse as áreas de reparto, facendo na actualidade practicamente imposible un reparto diario do correo, incumprindo de facto, as directivas europeas, e o ordenamento legal.
 - Ao perder calidade no reparto rural, e ser Correos fedatario de documentos públicos (notificadores), pérdese un dos últimos vínculos que moitos veciños do rural teñen coa Administración Pública.
8. Recentemente comunicásenos a determinación de Correos de eliminar o persoal asignado a ambas oficinas, mantendo unicamente un servizo de atención ao público reducido de mañá, trasladando aos traballadores a Compostela, nembargante concellos con poboacións equivalentes ás dos nosos concellos (Cuntis), teñen horarios de atención ao público de aproximadamente catro horas e media, supoñendo en todo caso un agravio comparativo.
9. Na actualidade Correos incumpre a obrigatoriedade de realizar un reparto diario, cinco veces por semana, da correspondencia. (tal e como obrigan as directivas europeas, e a lexislación), este incumprimento faise especialmente visible no concello de Boqueixón, dende a última redución de persoal, ademais, o desprazamento de persoal á oficina de Santiago suporá unha perda dunha hora e media de reparto por carteiro e día, de maneira que en conxunto o servizo de reparto de Vedra e Boqueixón experimentarán unha perda de dez horas e media no reparto diario, o que empeorara substancialmente o servizo prestado.

Neste punto é imprescindible sinalar que na actualidade, non existe ningunha oficina técnica, dende Silleda ate Compostela.

Da mesma maneira é importante incidir en que tanto Boqueixón como Vedra están situados no Camiño de Santiago, en particular na Vía da Prata ou camiño de inverno. Correos oferta un exitoso servizo de mochilería que permite aos peregrinos, desprazarse de albergue en albergue sen portar a mochila (o transporte da mesma faino Correos), ben dende unha oficina técnica (a mais próxima é a de Santiago, realizando a recollida e transporte cunha furgoneta) ou mediante persoal especificamente contratado. En todo caso, o fomento da Vía da Prata, é unha aposta colectiva dos concellos que percorre, no caso particular de Boqueixón e Vedra pola proximidade a Compostela, a aposta é estrutural contando ambos con albergues de peregrinos que rexistran un incremento constante de ocupación ano tras ano.

A consolidación e a mellora na efectividade do servizo de mochilería de Correos constitúese nunha ferramenta fundamental para o desenvolvemento da oferta turística.

Por todo o exposto, solicitamos o apoio do pleno para aprobar o seguinte acordo:

1. Ofrecerlle a empresa pública de correos SAE as seguintes alternativas ao desprazamento cara a Compostela, do persoal asignado ás oficinas de Vedra e Boqueixón:

a. Solicitar o mantemento do persoal asignado ás oficinas de Boqueixón e de Vedra, cos mesmos horarios de atención ao público que manteñen na actualidade.

b. De considerar a empresa que non ha lugar ao mantemento do persoal asignado ás oficinas na actual modalidade, solicitar a unificación de ambas nunha localización intermedia nas proximidades da carretera nacional (ben en Lestedo, ou ben en Ponte Ulla) nun local cedido polo concello afectado (de maneira que o servizo cubrira un espectro de practicamente dez mil habitantes), coas seguintes condicións:

- Asignar o mesmo número de traballadores que ten na actualidade Vedra, e recuperar o posto de traballo perdido en Boqueixón.
- Manter a atención ao público en horario de mañá en Vedra. (da mesma maneira que oferta Correos no caso de desprazar o persoal a Compostela)
- Que a nova oficina sexa unha “Oficina Técnica”, en igualdade de condicións que noutros concellos con 6.000, 8.000 ou 9.000 veciños (caso de Caldas de Reis, Silleda, Cruces ou Chantada).

Desta maneira daríase servizo ás empresas asentadas no territorio (canteiras, empresas da madeira no sector primario e secundario, empresas de elaboración de pensos etc.), os veciños recuperarían servizos paulatinamente detraídos ao longo destes últimos anos, e gañaremos novos servizos (por exemplo, o pago de facturas non domiciliadas a Fenosa, pago de multas de tráfico, servizos de paquetería azul ou ordinaria, o envío de buro-fax, etc.). Unha Oficina técnica compartida permitirá tamén dar un servizo efectivo aos peregrinos, potenciando A vía da prata.

En resumo, o establecemento dunha oficina técnica nun punto intermedio entre Silleda e Compostela, redunda na calidade do sistema.

2. Facer pública a aprobación da presente moción en medios de comunicación, e publicacións propias dos concellos.

3. Solicítase igualmente, a defensa da presente moción por parte dos nosos alcaldes, Sr. Carlos Martínez Carrillo, e o Sr. Manuel Fernández Munín perante o actual Xefe da Zona 1 de Correos (que dispón de oficina en Compostela) Sr Ángel Pérez Pérez.

Co voto a favor de todos os presentes apróbase esta moción.

O señor Canabal pide ó señor alcalde que informe ós carteiros e comunicarlle, así mesmo, que ten o apoio do seu grupo e que agradecen a súa aceptación.

2. Rogos e preguntas

Neste intre faise entrega ó señor Barcala da seguinte resposta á pregunta formulada no pleno ordinario do 11 de xaneiro do 2017:

“1. Reiteramos unha vez máis, e xa van moitas, a profunda preocupación polo tema de internet no noso concello. A situación é auténticamente calamitosa, co agravante de

que cada día estamos a perder aínda máis prestacións. Que información temos de internet?

Hoxe en día as empresas non van a investir máis en cable senón na tecnoloxía 4G.

Prefírese investir en antenas e non en cableado.

No mercado existen varias operadoras que ofrecen este servizo que permite un rápido acceso a internet.

A veciñanza pode contratar con estas operadoras en calquera momento que o desexen, o servizo 4G e ter as súas necesidades cubertas.

De todos modos seguimos presionando para que se lle mellore o servizo existente.”

A) A continuación o señor Canabal fai a seguinte pregunta realizada por unha veciña sobre o uso compartido do transporte escolar.

“Quería explicar que hai anos fun usuaria do transporte escolar. Era un medio cómodo para facer xestións no concello, no centro médico ou mesmo nos servizos sociais. Collendo este autobús escolar, podía volver no autobús das once que vén de volta. Aínda que como xa dixen, fun usuaria deste servizo, na actualidade os condutores din que non poden levarme porque non está regulamentado.

Lamentablemente, indo no autobús das dez e media da mañá non nos da tempo a volver no bus que vén de volta ás once menos pico, tendo que agardar ás tres menos pico da tarde.

É por iso polo que me gustaría saber por que non se pode usar o Transporte Escolar.”

Ata onde Veciñ@s puido comprobar, existe aínda na actualidade o Programa TES + BUS da Xunta de Galicia, tal e como pode recollese na páxina web da Xunta de Galicia.

PROGRAMA TES + BUS

O programa de transporte escolar compartido de Galicia, TES+BUS, é un proxecto conxunto da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co obxectivo da promoción do transporte público colectivo en zonas de carácter rural. A actuación TES+BUS consiste na utilización mixta dos servizos de transporte escolar público, de tal xeito que calquera cidadán das zonas onde se implanta poderá utilizar para os seus desprazamentos as rutas destes servizos. Os cidadáns que utilicen os servizos do TES+BUS aboarán 1 Euro por cada viaxe que realicen.

O obxectivo do TES+BUS é facilitar os desprazamentos da poboación de zonas con escasos servizos de transporte público de xeito que, aproveitando o percorrido dos autobuses escolares, os habitantes dos lugares polos que estes discorren poidan acceder ás cabeceiras dos concellos onde, xunto cos centros escolares, normalmente se atopan os servizos básicos tanto administrativos, como sanitarios, bancarios, etc.

Foi precisamente o feito da escaseza de servizos de transporte público concesional xunto coa baixa densidade da poboación, un dos criterios seguidos para a elección das zonas nas que se implantará este servizo, aos que se engadiron outros criterios como a existencia nas rutas de transporte escolar de prazas libres e da figura da persoa acompañante e adulta que vela pola orde no interior do autobús.

O funcionamento coincidirá cos días e horarios nos que se realice o transporte escolar en cada un dos cursos escolares.

Implantaranse unhas normas que rexerán na utilización conxunta dos servizos de transporte escolar, e que, en todo caso, primarán a súa utilización polos escolares.

Viaxará unha persoa acompañante e adulta, que será a que regule a orde no autobús.

Os usuarios poderán subir en calquera das paradas da ruta escolar

Os usuarios poderán baixar en calquera das paradas da ruta escolar ou ao chegar ao centro educativo

Non se poderá subir con vultos que, a xuízo da persoa acompañante, poidan entorpecer o paso.

Tamén podemos preguntar por este servizo noutros concellos (caso do concello de Vedra, que dispón dunha liña dende San Xián a Vedra) e parece que a autorización ten que vir do propio colexio así como das empresas concesionarias do transporte público.

Instamos pois ao concello a que transmita estas preocupacións no Consello Escolar e poidan realizarse servizos de TES + BUS no noso Concello.

Responde o señor alcalde que, efectivamente o servizo funcionaba ben e que descoñece o motivo polo que se deixou de prestar, pero que tratará de informarse.

B) Rogos e preguntas realizadas por Maricarmen Soutullo

ROGOS:

Primeiro: sobre o día Internacional da Muller

Antes de nada recordar que hoxe é o día Internacional da Muller, tal e como recordamos no inicio deste Pleno, polo que nos felicitamos e animamos a todas as mulleres a participar da vida pública e pregamos aos organismos competentes que faciliten a incorporación das mulleres a todos os ámbitos da vida laboral. Entre todas e todos seremos quen de romper o tan nomeado teito de cristal.

Segundo: parabéns ás responsables do Programa Coidarnos

O Grupo Municipal de Veciñ@s quere felicitar e recoñecer o traballo realizado pola traballadora social, Ana Anta, e a psicóloga do CIM, Yolanda Neira, polo seu programa Coidarnos, de apoio ás persoas coidadoras de familiares en situación de dependencia.

Polo seu bo facer foron convidadas á IV Conferencia Nacional de Pacientes Activos en Oviedo o 3 de marzo, onde deron a coñecer o seu traballo.

PREGUNTAS:

Primeira: sobre os efectos do temporal do mes de febreiro

Con motivo do temporal do mes de febreiro ocasionáronse no noso concello múltiples danos materiais, tanto públicos como privados. Dispón o concello de Boqueixón

dalgunha liña de axuda para atender as demandas e reclamacións relativas aos danos ocasionados polo temporal?

Resposta: desde o concello hai unha persoa colaborando cos veciños/as para tramitar as reclamacións ante as empresas eléctricas e se no prazo dun mes non obteñen resposta, daráselle traslado ao Instituto Galego de Consumo.

Así mesmo, púxose un bando para comunicar aos veciños/as as medidas que deberían adoptar por si desde a CCAA (ou Estado) se convoca algunha liña de axudas.

Segunda: sobre os efectos do temporal nos tendidos eléctricos

Tamén en referencia co temporal, temos que sinalar que houbo lugares no noso Concello que estiveron tres e catro días sen subministro eléctrico, cos prexuízos que iso pode ter (enfermos conectados a máquinas, explotacións gandeiras, negocios, conxeladores...). Váiselle pedir explicacións a Fenosa sobre as condicións nas que ten o tendido eléctrico (postes de madeira, pinos tocando as liñas, falta de mantemento,...)? Non é normal o estado de toda a infraestrutura eléctrica en Galicia xa que somos un país produtor e iso non repercute no noso beneficio senón todo o contrario.

Resposta: Fenosa ten a culpa en parte, pero tamén a temos todos os cidadáns, por efectuar as plantacións de árbores moi próximas aos postes e ao caer co temporal destrózanse as liñas.

A señora Soutullo di que se pode presionar para paliar os danos.

O señor alcalde responde que os danos teñen que asumilos porque houbo varios días sen luz.

6.2. Rogos e preguntas realizadas por Perfecto Barcala.

ROGOS:

Primeiro: sobre o asfaltado das pistas municipais

Rogo que non se asfalte nin unha soa pista máis do concello. Consideramos que a etapa do asfaltado xa rematou, tendo que pasar á etapa do aglomerado en quente, polo tanto a partires de agora só se debería usar este tipo de material.

Segundo: sobre a situación das liñas eléctricas no concello

Rogo que se nos informe da limpeza das liñas de media e baixa – tensión que pasan polo noso Concello, que como acabamos de comprobar despois deste temporal xa vemos a importancia que teñen.

PREGUNTAS:

Primeira: sobre o local do grupo municipal de Veciñ@S

Queremos saber como está a situación do local do grupo de Veciñ@s. Levamos xa dous anos solicitando un local, e vemos que agora coa implantación da administración

electrónica, imos ter que dispor dun ordenador, e polo tanto tamén dun local para realizar o noso traballo como concelleir@s. Instamos pois a que se nos asigne este local, ao que temos dereito, o máis pronto posible.

Responde o señor alcalde que coa administración electrónica xa teñen acceso.

Neste momento a secretaria di que actualmente poden ter acceso (so consulta) sempre que o ordenador estea no concello.

Consultouse novamente coa Deputación Provincial e informa o seguinte:

“Para que os concelleiros poidan consultar toda documentación administrativa desde os seus ordenadores fóra do concello, deberán darse os seguintes pasos:

- 1. Autorízalo o alcalde*
- 2. O alcalde solicítalo á Deputación Provincial*
- 3. A Deputación Provincial poñerase en contacto cos interesados para realizar os trámites que sexan necesarios”*

Segunda: sobre o servizo de internet

Levamos tamén moito tempo reclamando melloras no servizo de internet. Que pasa con este servizo? Temos constancia que cada día que pasa, o acceso ás novas tecnoloxías é máis deficiente. Queremos implantar a sede electrónica e non temos acceso a internet no concello? Haberá que preguntarse onde foron parar as subvención da Comunidade Europea para a mellora da instalación do internet no rural?

Temos constancia que parroquias do noso lado, como pode ser Vilanova ou Santa Cruz, teñen un acceso de 10 Mb, mentres que en puntos do noso concello non chegamos a 1. Que empresa se vai instalar en Boqueixón, con este servizo tan deficiente?

É unha cuestión fundamental, que temos que resolver, por iso instamos a que se faga algo sobre o motivo. A tecnoloxía de satélite, ou a 4G como vostedes informan nas preguntas do pleno anterior non é unha solución a curto prazo. E as centralíñas que de momento contan os operadores están obsoletas, polo que haberá que instar ás compañías que subministran o servizo, así como a Xunta de Galicia a que resolva estes problemas no menor tempo posible.

Terceira: sobre a demouca dos carballos no campo da feira de Lestedo.

Como é posible que se poden uns carballos no campo da feira de Lestedo, propiedade municipal, e a poxa da leña resultante sexa feita pola asociación de veciños?

Que patrón de poda se tomou para a poda? Á vista da demouca parece que foi o modelo das oliveiras de Ledesma.

Quen asesorou neste traballo?

Responde o señor Sanjuás que hai unha profesora de xardinería.

Por último pregunta o señor Canabal se poden ver a documentación os sábados .

Responde o señor alcalde que, puntualmente si.

Di o señor Canabal que cada 15 días podería solicitala. Presentarían a solicitude os luns para ver os sábados.

Acéptase esta petición, posto que a secretaria do xulgado de paz traballa os sábados e polo tanto debe abrir o concello.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria-interventora

Visto e prace
O alcalde